

MANUEL SUÁREZ PRADA SUPERVIVENTE DO ACCIDENTE MORTAL DO CORGO

«Sabía que ía haber mortos, que eu estea vivo é unha lotaría»

Este veciño de Santiso pode dicir que segue vivo de milagre tras ver in situ o choque frontal entre dous turismos no que faleceron tres persoas

SUSO VARELA
LUGO / LA VOZ

A expresión de que «volvín a nacer» nunca estará tan ben atinada como na historia que pode contar Manuel Suárez Prada, 44 anos e veciño do concello coruñés de Santiso. Desde unha cama do hospital Polusa de Lugo, e acompañado polos seus pais, narra con tranquilidade pero tamén emocionado e choroso como ocorreron os feitos que desembocaron na noite do mércores no accidente mortal no corredor Nadela (Lugo)-Sarria, no quilómetro 11,5 (O Corgo).

Neste sinistro faleceron Nieves Pombo Rubio, de 53 anos, a súa nai, María Inés Rubio Maside, de 82, veciñas de Cedrón (Láncara) e que circulaban nun Citroën BX; así como Javier Castaño Dóce, veciño de 43 anos de Friolfe (O Páramo) e que conducía un Fiat Punto. Suárez Prada foi testemuña directa de todo porque circulaba en dirección a Lugo co seu Seat Ibiza e detrás do vehículo no que ían as dúas mulleres, cando de repente se produciu o impacto frontal.

Ábrese o debate sobre a vía rápida Nadela-Sarria, inicialmente prevista pola Xunta como auto-vía, e na que só neste mes xa faleceron cinco persoas. Algúns condutores, entre eles o alcalde de Láncara (Eladio Capón, PP), afirman que van máis tranquilos e que prefiren ir «pola vella» autonómica. Pero fóra da discusión da estrada, o accidente do mércores ten moitas incógnitas, entre elas, segundo diversas fontes que investiga a Garda Civil, a posibilidade de que o condutor do Fiat non levase as luces acesas, pero tampouco se descarta unha imprudencia, un fallo do coche, o exceso de velocidade ou a simple casualidade. O evidente é que foi nunha recta con liña continua, que non quedaron marcas de freada na estrada e que o impacto dos vehículos foi frontal.

—¿Como foi o accidente?

—Eu ía coller a saída de Lousada para ir cara Guntín e volver á miña casa en Santiso. Conducía detrás dun Citroën e resulta que de repente vin que se arriamaba moito á parte dereita da estrada e pensei que chocara ou que estaba rozando contra a valla. Pero de repente sentín unha explosión moi grande, un bum enorme, e moito fume. Decidín



Suárez leva 22 anos traballando como condutor de buses. ÓSCAR CELA

xirar á esquerda para esquivalo Citroën e xa me veu bater o outro vehículo, tamén de maneira frontal, pero cun choque máis amodo porque senón tamén sería mortal.

—¿Lembra a que velocidade ían tanto vostede como o vehículo das mulleres falecidas?

—O coche das mulleres non ía nada apresa, íamos sobre oitenta por hora e tranquilos. O que pasou e que se meteu un coche no noso carril e batemos todos. O

condutor do Fiat tiña que ir moi rápido, a moita velocidade, porque nós non íamos tan rápidos como para que quedase tan mal o coche das mulleres. O meu coche quedou na mediana.

—¿Era boa a visibilidade nese momento da noite na estrada, ás 22.19 horas?

—Perfecta. Non había néboa, nin nada que nos impedise ver a estrada. Nin sequera é unha zona escura. Non sei que puido pasar, porque tanto eu como, polo que

sei agora, os outros condutores coñecíamos ben a estrada.

—¿Parécelle perigoso este corredor?

—Sí que o coñezo ben porque son chofer de autocares e aínda que traballo e vivo en Santiso, pasei moitas veces por esta estrada e non lle vexo perigo, salvo que pasen cousas así, que se meta un coche no teu carril. Porque o que teño claro é que volvín a nacer de novo. Se en vez de ir diante de min o coche das mulleres estou eu, alí mesmo que quedo morto.

—¿Tivera algunha vez un accidente de circulación?

—Nunca. Grazas a deus na miña traxectoria profesional.

—¿E como condutor de autobuses viría moitos sinistros coma este do Corgo?

—Levo 22 anos traballando como condutor e si que teño visto algún accidente grave pero nunca algo parecido ao desa noite. Foi inexplicable. Incluso meu irmán e meu pai que son condutores desde hai moitos anos cóntame que nunca tiveran un accidente similar.

—¿Que pensou nada máis sufrir o accidente?

—Buf, unha desgraza total e que había mortos seguro e efectivamente foi así. Creo que foi todo unha lotaría.

—¿Foi vostede o primeiro en socorrer ás vítimas?

—Saín do coche algo confuso. Non podía avisar por teléfono porque perdino no choque, pero inmediatamente viéron outros condutores e xa avisaron ás ambulancias e á Garda Civil. Dixéronme que o condutor do Fiat aínda estaba algo con vida. A escena era tremenda, había ferros a montóns por todas as partes da estrada, que quedou totalmente cortada ao tráfico

—¿Como se atopa de saúde?

—Pois teño bastante dor na columna pero nada máis. Dóenme os músculos pola tensión do golpe. Estanme a dar calmantes e ao mellor mañá xa me dan a alta para que volva para a miña casa en Santiso, que é o que teño ganas. Tamén teño claro que me salvaron os airbags, porque senón agora estaría moito peor. Podo andar por moita dor que teña nas costas.

«Se en vez de ir diante o vehículo das mulleres vou eu, alí quedo»

«A escena era tremenda, había ferros a montóns por todas as partes da estrada»

CIUDADES**OURENSE****Antonio Piña, nuevo presidente de la Audiencia Provincial**

El pleno del Consejo General del Poder Judicial eligió ayer al magistrado Antonio Piña Alonso como nuevo presidente de la Audiencia Provincial de Ourense, cargo vacante tras haber renunciado al mismo su anterior titular, Fernando Alañón Olmedo. Antonio Piña, único candidato al puesto, obtuvo veinte votos a favor y uno en blanco.



Manchas de sangre de la mujer

CAMBRE**Detenido tras intentar matar a martillazos a su madre**

Un hombre de unos 60 años de edad, intento matar a martillazos a su madre en la casa que ambos comparten en la calle O Toural en Cambre. La mujer, de 78 años, se encuentra ingresada en la uci del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña y su pronóstico es muy grave, aunque estable, según el último parte médico del Chuac.

OBRA PÚBLICA**La ingeniería gallega expone los problemas del sector a la Xunta**

La Asociación de Consultoras e Ingenierías de Galicia (Aciga) ha trasladado los problemas del sector al vicepresidente de la Xunta, Alfonso Rueda. En una reunión «muy positiva», el colectivo planteó que los pliegos restrictivos y la licitación por lotes motiva que las firmas gallegas solo recibieran el 24 % de los contratos públicos desde el 2010. LUG

PONTEVEDRA**Un acusado por abusos a dos menores acepta seis años de prisión**

Un hombre acusado de abusos sexuales a dos menores en Pontevedra ha aceptado una condena a seis años de cárcel ratificada ante la Audiencia Provincial de Pontevedra. El hombre, R. L., en prisión preventiva desde agosto del año pasado, era un antiguo y popular entrenador de fútbol base en la ciudad.